

EXPOSICIÓNS

Homenaxe a Benito Losada

Exposición colectiva dedicada á memoria de Benito Losada, o finado director da Casa da Xuventude e coordinador deste evento dende os seus inicios. Varios autores de cómic galegos, colaboradores habituais do festival, cederon páxinas de distintos momentos das súas carreiras, nas que condensan a súa traxectoria no medio e fan unha retrospectiva da historia das propias Xornadas, deixando patente a figura de Losada como mecenas dunha xeración de debuxantes que triunfan aquí e no estranxeiro. Con obras do **Frente Comixario, Diego Blanco, Hugo Covelo, Sergio Covelo, Manel Cráneo, José Domingo, Alberto Guitián, Javi Montes, Miguel Porto, Bernal Prieto, Emma Ríos, Miguel Robledo, Brais Rodríguez, Roque Romero, David Rubín, Alberto Vázquez e Jano Viñuela.**

Na Casa da Xuventude

10 anos de Polaqa

Tributo ao colectivo Polaqa, un dos grupos de autores de cómic galegos máis activos nesta última década, que anunciou a súa disolución para finais de 2011. Exposición orixinalmente exhibida no edificio Normal da Universidade da Coruña o pasado verán que reflicte os 10 anos de traballo deste colectivo e que marcou o comezo das súas actividades de despedida. Con orixinais de **Hugo Covelo, Emma Ríos, Álvaro López, Luis Sendón, Brais Rodríguez, José Domingo, Diego Blanco, Sergio Covelo, Kike Benlloch, Bernal Prieto, David Rubín e Roque Romero.**

No Museo Municipal

Certame de Cómic e Ilustración Injuve 2010

Gañadores e seleccionados do certame organizado anualmente polo Instituto de la Juventud (Injuve). Inclúe as obras de **Mireia Pérez, Brais Rodríguez, José Antonio Casal, Raquel Aparicio, Juan Díaz-Faes, Pablo Esteban Soto, Néstor Fernández e Alvaro Nofuentes** na modalidade de cómic, e de **Camille Vannier, Antoni Hervás, Raquel Saiz, Adolfo Serra, Iratxe López, Andrea Fernández, Julia Sainz e Marta Altés** na de ilustración.

No Museo Municipal

ENCUNTROS E PRESENTACIÓNS

Inauguración e entrega do Premio Ourense de BD

O martes 4 de outubro, ás 12:00 h, na Casa da Xuventude, terá lugar a inauguración oficial da 23ª edición das Xornadas de Banda Deseñada. No mesmo acto, farase entrega do Premio Ourense de Banda Deseñada, que distingue cada ano unha iniciativa ou unha traxectoria en relación coa BD en Galicia, e que este ano recae en Demo Editorial. O galardón é unha trofeo deseñado e realizado expresamente para a ocasión polo artista plástico Manolo Figueiras.

Presentación de Demo Editorial

Coa presenza de **Manel Cráneo**, que nos falará das últimas novidades da editorial, e **Brais Rodríguez**, que presentará e asinará exemplares de ***A man do díaño***, novela gráfica gañadora do Premio Castelao.

Na libraría El Sindicato del Cómic, o venres 7 de outubro, a partir da 13:00 h. Ao finalizar o acto, haberá un viño para os asistentes.

Presentación dobre: David Braña & David Buceta / Alberto Guitián

O venres 7 de outubro, a partir das 18:30 h, o guionista e editor **David Braña** e o debuxante e maquetador

David Buceta presentarannos os seus proxectos: a revista *El arca de las historietas* e o fanzine *Sinónimos de lucro*.

A continuación, a partir das 19:00 h, **Alberto Guitián** presentará e asinará exemplares da súa última obra, o libro ilustrado *El circo lorza*, publicado por Dibbuks.

Na librería El Sindicato del Cómic

Encontros de BD

O sábado 8 de outubro, a partir das 12:30 h, encontros e mesas redondas cos autores das exposicións. Entrada libre.

Na Casa da Xuventude

Presentación de Polaqa

Coa presenza de varios autores do colectivo **Polaqa**, que presentarán as últimas novidades e lanzamentos da editorial, entre elas o derradeiro número da revista *Barsowia*.

Na librería El Sindicato del Cómic, o sábado 8 de outubro, a partir das 17:00 h.

HORARIOS, ENDEREZOS, ENTIDADES

LOCAIS DAS XORNADAS:

CASA DA XUVENTUDE

Secretaría e Información das Xornadas:
Rúa Celso Emilio Ferreiro 27, 32004 Ourense
Tel. 988 228 500 • cxourense.traballo@xunta.es • www.casaxou.com

Horario de exposicións: 19 a 21.30 h, excepto domingo

MUSEO MUNICIPAL

Rúa Lepanto 8, 32005 Ourense
Tel. 988 248 970 • www.ourense.es
Horario de exposicións: 11 a 13.30 e 18 a 21 h, de martes a sábado;
domingos, de 11 a 13.30 h

EL SINDICATO DEL CÓMIC

Rúa Dr. Marañón 15, 32005 Ourense
Tel. 988 250 828 • libreria@sindicatodelcomic.com

PUBLICACIÓNS:

— **Cartel:** por José Domingo

— **O Fanzine das Xornadas nº 18**

Artigos relacionados coas actividades das XXIII Xornadas e catálogo da exposición Homenaxe a Benito Losada, con banda deseñadas de autores galegos. Capas de Bernal Prieto e Roque Romero.

Coordinación
Óscar Iglesias

Organiza

Espacio Xove - Casa da Xuventude de Ourense

Patrocina

Xunta de Galicia

Coa colaboración de:

Instituto de la Juventud (Injuve), El Sindicato del Cómic, Museo Municipal